

INFORMACIÓN RELATIVA AO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO 2022-2023

NORMATIVA REGULADORA:

- Decreto 13/2022 do 3 de febreiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro de 2022).
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15 de marzo de 2013).
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1 de febreiro de 2017).
- Orde do 18 de decembro de 2020 (DOG do 22 de decembro de 2020)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Dende o 1 de marzo ata o 21 de marzo de 2022 (ambos inclusive) a través da sede electrónica ou de forma presencial no centro educativo elixido en primeiro lugar.

IMPRESOS E DOCUMENTACIÓN QUE, OBRIGATORIAMENTE, DEBERÁN SER ENTREGADOS NO CENTRO:

- Solicitud: A solicitude de admisión realizarase no **modelo ED550B-anexo II** e a comprobación dos membros da unidade familiar no **anexo II bis**. As persoas solicitantes poderán cubrir os formularios na aplicación "*admissionalumnado*" e presentalos por vía electrónica, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que se dispoña de certificado dixital ou de Chave365. O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitude (anexo II). Tamén poden descargar os formularios da aplicación "*admissionalumnado*", da sede electrónica da Xunta de Galicia (dirección <http://www.xunta.es/portada>) ou da páxina web da Consellería de Educación (dirección <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>) para cubrilos manualmente e presentalos de forma presencial. Os formularios estarán dispoñibles o 1 de marzo de 2022. Os formularios tamén serán facilitados gratuitamente nos correspondentes centros docentes. Cada solicitante presentará unha única solicitude no centro que se indica en primeiro lugar. Nela poderán relacionarse ata 6 centros, por orde de preferencia. **O impreso deberá entregarse debidamente cuberto e asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero. De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir ao proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.**
Importante: O anexo II bis deberá vir asinado por cada un dos membros da unidade familiar.
- Fotocopia do DNI do alumno/a ou folla do libro de familia onde estea inscrito.
- No caso de separación legal ou divorcio: convenio regulador ou resolución xudicial.

IMPRESOS E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA PARA SER BAREMADO/A:

Importante: Soamente cando a persoa interesada denegue expresamente a consulta automática, será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de domicilio fiscal, renda per cápita da unidade familiar, condición de familia numerosa e de discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia. A presentación desta documentación ten carácter voluntario. A non presentación desta documentación suporá a renuncia explícita a ser baremado e terá 0 puntos no criterio correspondente.

PRAZO DE PRESENTACIÓN EN CASO DE BAREMO:

Do 24 de marzo ao 6 de abril de 2022.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA EN CASO DE BAREMO (só en caso de que haxa que baremar):

- **Por irmáns matriculados neste centro (8 puntos); polos seguintes, 2 puntos por cada un, co máximo de 14 puntos:** copia completa do libro de familia e certificación da dirección do centro.
- **Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo:**
 - Por proximidade do domicilio familiar: se está na área de influencia do centro 8 puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, 4 puntos.

- Por proximidade do lugar de traballo: se está na área d influencia do centro, 6 puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, 4 puntos.

Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar (non serve o volante). A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas.

Importante: Se non coinciden os domicilios familiar e fiscal, haberá que presentar a seguinte documentación complementaria:

- Escritura de compravenda ou doazón, ou contrato de aluguer máis contrato de alta de recibos actualizados da auga, luz ou gas a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión.
- Excepcionalmente, poderá pedirse xustificación de convivencia real.

Traballadores por conta allea: certificado expedido polo titular da empresa ou polo responsable de persoal desta e unha copia do contrato laboral.

Traballadores por conta propia: alta censual inicial perante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e alta na Tesourería Xeral no Réxime da Seguridade Social correspondente.

Persoal ao servizo das administración públicas: certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

- **Acreditación da renda:** Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base impositiva no caso de declaración conxunta, ou a base impositiva de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 (base impositiva xeral) e 460 (base impositiva do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020. **Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2022. Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2020, que está cifrado en 6.454,03 € anuais.**
 - Se ese resultado é inferior a 3.227,015 €, corresponde **3 puntos** no baremo da renda.
 - Se o resultado é igual ou superior a 3.227,015 € e inferior a 4.840,5225 €, corresponde **2 puntos** no baremo da renda.
 - Se o resultado é igual ou superior a 4.840,5225 € e inferior a 6.454,03 €, corresponde **1 punto** no baremo da renda.
 - Se o resultado é igual ou superior a 6.454,03 € corresponde **0 puntos** no baremo da renda.

No caso en que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña dos datos tributarios das persoas integrantes da unidade familiar, estas deberán achegar unha certificación de haberes ou calquera outro documento de cada unha delas, correspondente ao exercicio fiscal 2020.

- **Pais traballadores no centro (3 puntos), con independencia de que traballen ambos:** certificación da dirección do centro.
Importante: Non son acumulables as puntuacións polo criterio do domicilio familiar e polo lugar de traballo.
- **Condición de familia numerosa (3 puntos por pertencer a familia numerosa de categoría especial; 2 puntos por pertenza a familia numerosa de categoría xeral):** Fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación (só cando a persoa interesada denegue expresamente a consulta automática).
- **Irmáns nados dun parto múltiple: 8 puntos se son dous e 10 puntos se son máis de dous.**
- **Condición de familia monoparental (2 puntos):** Certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
- **Discapacidade igual ou superior ao 33% do alumno/a (4 puntos), da súa nai, pai, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora (3 puntos) ou dalgún irmán (1 punto):** certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, emitido polo órgano competente doutras administracións públicas (só cando a persoa interesada denegue expresamente a consulta automática).
- **Vítima de violencia de xénero (2 puntos),** documento que acredite dita situación.
- **Vítima de terrorismo (2 puntos),** documento que acredite dita situación.

Nota importante: Deberase presentar orixinal e copia de toda a documentación.

Máis información no taboleiro de anuncios, na Secretaría do centro e na páxina web.